



Unha nena nunha fonte
por unha berza bebía,
a berza 'staba rachada
toda a aghua lle vertía.

- Do río para alá capotes e a nosoutros chamabannos poltros.

As ghotas de Monfero
teñen as trenzas no pelo
debaixo d'aquelas trenzas
un pollo como un becerro.

As esfollas do maínzo
non dan proveito a ninguén
levei a muller a elas
esfolláronma tamén.

De Vigho a Redondela
hai moito que ver
coa vía do tranvía
que van a facer.

Non chores nena non chores
non chores non teñas pena
que ó cabo de nove meses
has de ter unha pequena.

...

Vou dar a despedida
como lla daban ó rei en Roma...